

fina Casalderrey

ICÍA QUERE CAMBIAR O MUNDO

CON ILUSTRACIÓNS DE **Carmen Pernas**



**ICÍA QUERE
CAMBIAR O MUNDO**

Edita: Parlamento de Galicia

1ª edición: maio 2015

© Parlamento de Galicia

© Fina Casalderrey

Ilustracións: Carmen Pernas

Deseño editorial: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Depósito legal: C 815-2015

ISBN: 978-84-7836-102-1

Impreso en España / Printed in Spain

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio, sexa este electrónico, mecánico, por fotocopia, por gravación ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito do editor. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual.

Fina Casalderrey
ICÍA QUERE
CAMBIAR O MUNDO

CON ILUSTRACIÓNS DE **Carmen Pernas**



*A palabra nomea e crea as cousas,
pon orde no mundo
e harmoniza toda a creación.*

Manuel María

ÍNDICE

PRÓLOGO	11
1ª PARTE	13
Penaval, un paraíso ameazado	
2ª PARTE	35
Visita ao Parlamento de Galicia	
3ª PARTE	69
Atrapada no corredor dos pasos perdidos	
4ª PARTE	91
Rosa da Muiñeira, unha fada madriña	
5ª PARTE	111
Un plan secreto	
6ª PARTE	133
Un espectáculo dantesco	
7ª PARTE	159
Carta ás señoras e señores parlamentarios	

PRÓLOGO

Todas e todos queremos cambiar o mundo, e máis á idade que Icía ten.

Todos e todas soñamos na infancia cun mundo feliz, sen desigualdades e sen problemas, non só para os paxaros de Penaval.

Ao medrarmos loitamos, cadaquén no seu eido, para que a realidade non se afaste dos ideais que daquela tiñamos.

Como presidenta do Parlamento de Galicia, quero transmitir que a palabra —como Icía, Fiz e os seus compañeiros ben viron na súa visita a esta casa— é a mellor arma para cambiar o mundo.

A palabra é a maior ferramenta para artellar unha sociedade xusta e igualitaria. A palabra pode mover montañas.

A través dela, da argumentación, do convencemento, os que temos a obriga de elaborar as leis acadaremos o consenso. Di un gran filósofo, Julián

Marías, que o verbo latino “arguo”, do que vén a palabra “argumentar”, quere dicir nas súas orixes “facer brillar, clarexar, iluminar”. Esa é a función primixenia do argumento, da argumentación: clarexar as cousas para que se entendan e facelas relucir, brillar, para que seduzan e convenzan.

E con ela, coa palabra, tentaremos facer un mundo mellor, dentro e fóra de Penaval, para os paxaros e para os que nel vivimos.

Grazas a Fina Casalderrey, grazas pola súa historia, e a Carmen Pernas, por engalanala cunhas imaxes tan fermosas.

E grazas a todas as nenas e a todos os nenos que van ler este libro. Oxalá aprendan pronto a traballar polo noso.

Pilar Rojo

1ª PARTE

Penaval, un paraíso amenazado



Co corazón avolto polas emocións, Icía e mais Fiz seguiron a Ruta do Río canda o avó Félix para liberar o martiño peixeiro. Pasara unha semana dende que Félix o atopara, ferido nunha á, a carón doutras aves mortas de xeito estraño.

Agora, os tres permanecían atentos aos movementos do paxaro que, nada máis soltalo, emprendeu o voo, destemido. Xa non lembraba as circunstancias nas que o rescataran.

—Mirade, pousou enriba daquel pau seco!
—localizouno Fiz.

—Anda! O pau mailo paxaro semellan un bastón! —ocorréuselle a Icía.

De certo aquel picapeixe, inmóbil enriba do tronco delgado, era talmente o cetro dun rei de conto.

Sete días antes o avó presentárase con el na co-
ciña. Icía e Fiz, coma cada fin de semana, acababan
de chegar á súa casa e puideron observar como
tremía asustado. A ferida da á impedíalle empen-
der o voo.

O paxaro, xa curado, mantiña a ollada cravada
no río. O seu longo peteiro apuntaba cara ao mes-
mo sitio ao que apuntaban os seus ollos.



De socato abriu as súas ás azuis, deixou ao descuberto o peito amarelo e lanzouse de cabeza á auga.

Todo aconteceu tan rápido que en poucos segundos xa estaba na póla seca doutro vello bidueiro. Trataba de engulir un peixe que mantiña preso pola cabeza.

—Pescou unha sardiña! —exclamou Fiz.

—É un muxo —corrixiuo o avó Félix—. Aquí non hai sardiñas.

Ícía preocupouse:

—E se non sabe volver para o seu territorio? Penaval é moi grande!

—Os paxaros teñen un GPS dentro da súa pequena cabeza. Perde coidado que se ha orientar ben, igual ca eses que van por aí, tranquilos, sen conciencia de que son libres, pero felices...

Dous patos rabilongos, alleos á actividade do picapeixe, deixábanse levar pola corrente. A pel do río xogaba a facer crer que eran catro, os outros dous navegaban boca abaixo.

2

Tanto a Fiz como a Icía gustáballes percorrer aquel espazo, máis fascinante canto máis se afastaba das casas. Eran exploradores que ían descubriendo os nomes das árbores e dos animais todos que poboaban un auténtico paraíso natural no que bidueiros, salgueiros, ameneiros, freixos, vimieiros, teixos, lodeiros, acivros, sabugueiros, loureiros... convivían en perfecta harmonía cos ferreiriños, pardais, lavandeiras, mazaricos, lagarteiros, papamoscas, grou, merlos, pombos, paspallás...

—A liberdade é importante, verdade avó?
—sentenciou Icía nunha arroutada.

—Por iso lle puxestes a mamá *Liberdade*? —deduciu Fiz.

—Así é. Liberdade, a vosa nai, naceu xusto o 6 de decembro de 1978, o mesmo día en que se aprobou en referendo a Constitución española. A

Constitución é a lei na que deben ir dar todas as outras leis. A que ha garantir a liberdade de todos os cidadáns e cidadás.

Un par de carpas saltaban na auga, avanzando cara á desembocadura, coma nun xogo no que competisen por acadar a meta.

E foi a Fiz a quen se lle ocorreu a comparación:

—A Constitución é o mar e as outras leis son os ríos. O que pasa é que o mar tampouco é perfecto



porque o ser humano anda polo medio a tocar a zoca. Escoiteillo dicir ao meu titor.

—Porén, Mahatma Gandhi, un sabio indio, dicía que non debemos deixar de crer na humanidade, que é coma un océano: non se mancha porque algunhas gotas estean sucias —falou o avó ao tempo que lle facía unha garatuxa no pelo.

—Ás veces o mar ponse bravo e vira as embarcacións máis débiles.

—Pois hai que tentar construílas máis fortes.

—Se puidésemos cambiar o mar, xa estaba —volveu apuntar Fiz.

—Vaia... podemos escoller para navegar un mar que sexa máis propicio para os nosos barcos.

—O picapeixe xa non está na rama do bidueiro! —reparou Icía, que non entendera demasiado o significado da última parte da conversa—. Marchou sen se despedir!

—Así son os animais, ou quizais sexa que non acabamos de entender a súa linguaxe, igual que non queremos saber da das fontes, nin da das pedras ou da das árbores— comentou o avó.

3

Pouco a pouco foron afastándose do río para se iren mergullando na espesura do souto. Os troncos dos castiñeiros, cos seus ocos desiguais, eran grutas misteriosas das que podería saltar inesperadamente un esquío ou nas que, talvez, durmía unha xeneta, mentres agardaba paciente a noite para saír buscar comida.

Onda o Manancial do Leste, cando as nubes atravesaran xa o mediodía, detivéronse para comer cadanseu bocadillo de tortilla de pataca.

Fiz retomou a conversa arredor dos nomes:

—A ver... Mamá chámase Liberdade porque naceu o día da Constitución, vale. E eu? Eu por que me chamo Fiz?

—Porque che puxeron coma a min.

—Boh!, non sexas trampón, avó. Ti chámaste Félix.





—Éche a mesma cousa. Félix e Fiz son o mesmo nome. Félix en castelán e Fiz en galego.

—Ah —aceptou Fiz, sen máis.

Pero o avó tiña ganas de seguir:

—Cando eu era coma vós, non tiñamos liberdade nin para falar na nosa lingua —e puxo ollos de pensar tristezas—: Non sabiamos nada de nós mesmos, nin do esplendor da nosa cultura no pasado. Fíxate que algúns pensabamos que en galego non se podía escribir!

—En serio? —interrompeu Icía.

—E tan en serio! Viviamos nunha ditadura na que o que menos importaba era a vontade e os dereitos do pobo.

—Vale, avó —protestou Fiz—. Pero por que non me puxeron Félix?

—Xa cho dixen, é o mesmo nome, pero en galego, e iso para min significa moito... Heillo agradecer á vosa nai. Como diría Castelao, se somos galegos é por obra e graza do idioma.

O avó Félix lembraba perfectamente que, a raíz da Constitución, se crearan os Estatutos de Autonomía e que foi a partir do Estatuto de Autonomía para Galicia dende o que se formou o Parlamento Autonómico, con leis propias para a nosa comunidade; pero non lles dixo nada. Pareceulle que, quizais con apenas nove anos que tiña Icía e con once que estaba a piques de cumprir Fiz, resultaba demasiado complexo falarlles desas cousas e só engadiu:

—Sabiades que as pontes que construímos con palabras son indestrutibles? Non hai nada creado polo ser humano, no universo enteiro, que teña máis forza que as palabras.



—Si, eu sabía! —aledouse Icía do comentario—. Queres que cho demostre?

—Por suposto! —intrigouse o avó.

E intrigouse Fiz.

4

Sabedora da curiosidade que espertara en ambos, Icía propúxolles un reto:

—Pensades que eu non sería quen de vos poñer aos dous a un tempo de pé enriba desta pedra na que estamos sentados?

—Se pos o traxe de *Supermán* e non hai preto *kriptonita* que mingüe as túas forzas, pódelo facer, si —bromeou Fiz.

—Vale —aceptou Icía—. Subide os dous á rocha e deixádevos estar aí de pé. Xa veredes...

Dun chimpo, tanto Fiz coma o avó subiron á pedra e alí permaneceron expectantes.

Que ía pasar agora?

Icía agardou uns segundos e, deseguido, díxolles:

—Xa podedes baixar. Vistes? Subinvos sen tocarvos tan sequera, só coa forza das miñas palabras!

—Moi boa ocorrencia! —recoñeceu o avó.

—A profesora Ágata fíxonolo a todos os da clase e...

—Mandouvos poñer enriba dunha rocha?
—interrompeu Fiz.

—Non sexas parvo! Díxonos “Poñédevos de pé na cadeira”. Queríanos demostrar que con cinco palabras tan só, sería quen de o conseguir:

—A túa profe está tola! —sentenciou Fiz.

—Xusto naquel momento, o director abriu a porta, viunos así e botou as mans á cabeza. Saíu a lume de carozo, sen dicir ren. Non sabía que Ágata só quería demostrarnos iso de que as palabras teñen máis forza ca todas as outras cousas. Tamén dixo que a lingua é o músculo máis forte do corpo!

—Seguro? —preguntou Fiz mentres introducía os dedos na boca para comprobalo.

—Segurísimo!

Fiz cambiou de opinión:



—Pois eu tamén queredría ter unha profesora desas.

—O vindeiro venres, o profe Ramón e mais ela vannon levar ao Parlamento de Galicia. Ágata explicounos que nunha sala grande que imos ver, que se chama Salón de Plenos, é onde se fan as leis.

—Iso está moi ben —dixo o avó moi serio—. Pois que aproveiten para vos levar, tamén, a visitar a Rosalía e a Castelao a San Domingos de Bonaval. A ver se sodes quen de cambiar o mundo e lles sacades a algúns avaros as ganas de ser tan ricos a calquera prezo, para que non haxa cada vez máis pobres.

—No Parlamento pódese cambiar o mundo?
—interesouse Icía.

—Un pouco, supoño que si. Polo menos deben tentalo. Alí é onde parlamentan xentes con ideas diferentes para tratar de solucionar os problemas de todos nós.

—Parlamentan?

—Claro, miña rula. Parlamentan... Falan, discuten, votan... E do que acorden, depende moito o

benestar de todas e todos nós. Os parlamentarios e as parlamentarias, xuntos, mandan máis ca o presidente do Goberno! —recalcou con énfase.

—Máis!!! —sorprendéronse os dous irmáns.

—Veña, imos parlamentar a outro lado ou non daremos chegado á Lagoa dos Liñaceiros —me-teulles présa o avó.

—O liñaceiro é o pardal, ese paxaro pequeniño que ten un chaleco de plumas da cor do lume, va que si?

—Iso é, o liñaceiro común que abunda por aquí é así, si señor.

De súpeto a luz cambiou.

Pum, Pum, Pum!!!

Uns inesperados disparos feriron os seus oídos e interromperon a conversa. De inmediato, unha bandada de cotovías asustadas atravesou o ceo por riba das súas cabezas.

Resultaría bonito escoitar o seu delicioso canto e contemplar o movemento acompasado das súas ás, se as circunstancias non fosen trágicas. Mais as cotovías volvéronse nube escura empuxada por un vento forte que se limitaba a emitir chíos desacougados na súa desbandada.



—Xa están aí outra vez eses desalmados —ros-mou a súa preocupación o avó Félix.

—Son os cazadores furtivos, non si?

—Sonche uns delincuentes, meu rei, sonche tal. Aínda han rematar con todo. O caso é que non sei o que podemos facer nós. A xente, ata que non lle caian na propia cabeza, non reacciona.

O señor Félix sentíase un chisco canso e decepcionado de tanto protestar inutilmente contra os atentados ao contorno de Penaval, nos que ningún parecía reparar.

Un pouco era un incendio provocado, outro pouco, un vertedoiro incontrolado e, nos últimos tempos, directamente, dedicábanse a atentar contra a espléndida variedade de aves de Penaval.

Quizais por iso investía as horas de lecer en pintar aquela natureza que tanto o seducía, coma quen fai retratos a un ser amado que estivese a piques de desaparecer para sempre.

Nos lenzos pretendía rescatar a beleza dalgún aspecto único do seu benquerido Penaval, ese espazo marabilloso constantemente ameazado por

xentes sen escrúpulos que, de maneira ilegal e incontrolada, se divertían acabando coa fauna e a flora do lugar.

En cada cadro emerxía unha paisaxe diferente: cumes de prata, chairas douradas, abrochos novos, un río transparente...

Ao avó os ollos íanselle poñendo máis pequenos canto máis grandes se lle volvían as preocupacións.

2ª PARTE

Visita ao Parlamento de Galicia



Por fin chegou o día da excursión a Santiago de Compostela, ese centro de peregrinación do que se escoita falar en todos os recunchos do planeta.

O autobús detívose diante da entrada ao Parlamento. Xusto nese momento o ceo comezou a escurecer ameazando tormenta.

Nenas e nenos, mentres ían baixando, puideron ler na fachada en letras grandes: **PARLAMENTO DE GALICIA.**

“Vaia escalinata inmensa! Hei contar os banzos, a ver se é certo que son dezanove”

“Boh!, xa non está o corno prateado que nos ensinou a mestra nunha foto! E para iso tanta lea con que se chamaba *Diálogo* porque no Parlamento o máis importante é dialogar!”

"Anda, é un edificio antigo!"

"Alí arriba está o escudo de Galicia, agarrado por... sereas? Que raras!"



Ninguén, se atrevía a expresar as emocións, nin as decepcións. A profesora Ágata insistira tanto en que o comportamento resultaba fundamental para que lles deixasen entrar que, nun principio, nin sequera Xandra, a máis inqueda da clase, se atreveu a abrir a boca.



Camiñaban detrás da mestra ata onde estaban os gardas de seguridade, talmente pitos detrás da mamá galiña. O profesor de Educación Física, Ramón, cerraba o grupo.

Axiña un home, que parecía simpático, os recibiu en portería. Saudou os profesores e, deseguido, dirixiuse aos nenos e ás nenas:

—Gustaríanos que, despois desta visita ao Parlamento de Galicia, lle deades máis mérito a esta institución democrática que vela para que, aínda que entre nós pensemos diferente, poidamos vivir en paz e ter os mesmos dereitos. Antes de nada, imos ir ao Salón dos Reis.

Comezaba a visita!

Todo o demais xa llelo explicara Ágata moreas de veces. Que se tiñan moita sorte por poderen ir á escola, que se outros nenos e outras nenas non a tiñan. Que se posuían unha casa e unha familia de seu mentres noutros sitios non gozaban de tal privilexio. Que se habían de aproveitar esa oportunidade para se preparar e construíren un mundo máis xusto...

2

- **O** Parlamento de Galicia é a casa común de todos os galegos e galegas.

Cando aquel home dixo isto último, Xandra preguntoulle:

—E logo porque hai persoas que dormen na rúa? Deberían poder durmir aquí, non?



Ágata e Ramón puxéronse colorados, pero non dixeron nada.

O home sorriu ao tempo que aclarou:

—É que aquí non hai camas, ao Parlamento non se vén durmir.

—Pois eu vin na tele que un señor tiña os ollos pechados e lle caía a cabeza cara a diante! —retrucou Xandra, sen se decatar de que Ramón lle pedía coa mirada que calase.

O guía resolveu o tema recoñecendo que, se iso fose certo, estaría moi mal feito. Logo pediulles que sentasen nas cadeiras para lles explicar que estaban a ser recibidos no mesmo salón no que tomaran posesión os presidentes da Xunta e onde se celebraban moitos outros actos solemnes.

Aquel piso brillaba coma se nunca fose pisado. Era de mármore xaspeado en granate con tiras grises de granito do Porriño.

Icía recoñeceu que, por dentro, o edificio estaba moito máis novo do que aparentaba dende a fachada e murmuroullo ao oído a Baia:

—É mais novo do que parecía dende fóra, verdade?

Baia encolleu os ombreiros.

Ninguén se fixaba na arquitectura ou nos materiais daquel salón, nin nas fotografías dos reis, ou dos presidentes, nin nos escudos tan grandes das paredes, que representaban as provincias do antigo Reino de Galicia...

Mantiñan a boca pechada e as fazulas infladas, coma se estivesen a piques de engulir un globo cheo de aire. Só tiñan ganas de escachar de risa por mor da muller embarazada, núa, que aparecía de pé nunha das esquinas do vestíbulo que daba á entrada ao Salón.

O encargado da visita guiada decatouse e só dixo:

—É unha talla en madeira creada por Leiro.



E Xoel ladeou a cabeza e, moi serio, puxo unha man aberta sobre a súa barriga e estirou o outro brazo, tratando de a imitar.

Aquel aceno cómico fixo estoupar os globos de aire comprimido de todas as meixelas e desatou un estrondo de gargalladas.

3

No gran vestíbulo, as explicacións do guía proseguiron:

—Este pazo do Hórreo foi, a principios do século XX, unha Escola de Veterinaria. Despois, por falta de alumnado, pechou e converteuse en cuartel. Máis tarde, en 1986, por un acordo co Ministerio de Defensa, pasou a mans da Xunta de Galicia, por iso dende o ano 1989 este edificio alberga a sede do Parlamento. O pazo sufriu sucesivas reformas e consta de soto, planta baixa, primeira...

Case ninguén atendía a máis nada que á colosal alfombra do recibidor. No medio e medio emerxía o escudo de Galicia e nos bordos os das sete provincias do Antigo Reino.

O guía percibiu a falta de interese de varios dos rapaces á súa explicación e soltou, de socato, unha pregunta:

—A ver, a quen lle acorda o nome das sete capitais que, no pasado, formaban o Antigo Reino de Galicia?

Fíxose un silencio.

—Eu seino! —ergueu a man Cristovo ao tempo que se adiantaba a nomear as antigas provincias—: A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui.

—Moi ben, pois ti has recibir un agasallo —prometeulle o guía.

A partir dese instante puxeron máis atención, por se volvía formular unha nova pregunta.

E, case de inmediato, así aconteceu:

—Este vestíbulo de honra, se erguedes a vista da alfombra e deixades de imitar a escultura de Leiro, claro —falou cara a Xael con retranca—, recibe a luz... Imos ver, de onde nos vén esta claridade?

Non había ventás nas paredes laterais e todo o mundo virou a vista ao teito, pero foi Icía a máis rápida en responder:

—Desa lumieira!



—E que vedes debuxado nela?

—Tres paxaros! —adiantouse Candela.

O guía sorriu mentres negaba coa cabeza.

—Tres espantallos! —quixo facerse o gracioso Xael.

Ninguén riu desta volta. Querían conseguir o devandito agasallo sorpresa.

—Tres gaiteiros! —volveu falar Icía.

—Iso podería ser —aceptou o home—. Gaiteros ou incluso peregrinos creados polo artista lalinense Laxeiro. Chámanlle vidreira porque foi elaborada con vidro. Con vidro soprado á boca, peza a peza e esmaltadas a lume. Como te chamas?

—Icía.

—Pois, Icía, terás o teu premio, ti tamén.

—Eu chámome Cristovo —recordoulle o que atinara coa resposta á primeira pregunta.

—Si, tranquilo, non me esquezo de ti.

4

As nubes negras converteron nun repente o día en noite, mais ninguén se decatou, a luz da sala na que estaban entrando era espléndida.

Nas paredes aparecían as fotografías dos deputados e deputadas por grupos parlamentarios e nun panel central as dos que se correspondían coa presente lexislatura. Icía descubriu que se podían facer xirar, por detrás aparecían escritas as respectivas biografías. Moitos comezaron a xogar a facelas xirar de présa.

A medida que foron sentando, unha moza foilles repartindo cadansúa minúscula lanterna.

—Non as acendades ata que volo pidan, de acordo?

Cando estiveron todos sentados, alguén cerrou a porta e apagou todas as luces. Un complot

entre os *estores* baixados e as nubes negras deixou en tebras a sala.

E a voz, xa familiar, do guía pediu:

—Cristovo, acende a túa lanterna, por favor.

Pero aquela luz azulada, que parecía intensa, apenas iluminou o respaldo da cadeira de diante. Todo o mundo permanecía expectante ante ese xogo imprevisto.

—Acende tamén a túa, Icía! —volveu pedir.

A escuridade permanecía case inalterada.

—Veña, acendédea todos os da primeira fila!

Unha penumbra permitiu ver a Ágata, a Ramón e ao propio guía que, coñecedores do “experimento”, sorrían fronte a todos.

—Xa podedes acender todas, incluídas as dos profesores! —avisou.

—Por fin nos vemos as caras! —exclamou Xandra.

—Imaxinade que houbese máis rapaces e rapazas con lanternas prendidas, que pasaría? —quixo facerlles reflexionar.

—Que a claridade se faría máis intensa! —asegurou Icía, que non quería perder nada da explicación.



—Certo, cantos máis sexamos a querer compartirnos a nosa propia luz, máis beneficia a todos. Os parlamentarios e parlamentarias deben tratar de se poñer de acordo para acender luces sobre a escuridade, sobre os problemas das cidadás e cidadáns.

A Icíá as palabras do guía lembráronlle o que dixeran o avó Félix sobre aquilo de que no Parlamento se podía cambiar o mundo.

Alguén prendeu a luz eléctrica e a mesma moza que lles repartira as lanternas, recolleullas para decepción de moitas e moitos.



Deseguido proxectáronlles un vídeo que resumía o funcionamento da institución. Daquela non todos foron quen de manter a atención, mais Icía nin pestanexaba. Se de inmediato alguén lle formulase a cuestión:

“Cal é a ferramenta básica creada polos pobos para se gobernaren a si mesmos?” “A palabra!!” —diría sen dubidar.

Ou se preguntasen: “Cal é o máximo órgano de representación de Galicia?” “O Parlamento!!” —pondería.

Ou... “Como se chama a lei básica especial para Galicia?” Poucos saberían responder coa súa seguridade: “Estatuto de Autonomía!!”

Icía sabía, incluso, que moitos anos atrás mataran un señor, que se chamaba Alexandre Bóveda, por defender un estatuto para Galicia. O avó Félix díxerlle que a culpa fora dunha guerra. As guerras nunca son boas.

5

Chegou a hora dos agasallos sen que o guía se dignase formular unha nova pregunta. Limitouse a abrir unha caixa e, sen descubrir o que agochaba no seu interior, dixo:

—Imos ver, Cristovo e Icíá vinde acá, por favor. Teño algo para vós.

Todos estaban tan expectantes que, a curiosidade lles batía no estómago con redobres de tambores.

Vagariño, sacou cadanseu libro da caixa e déulles a un e a outra.

—Bo, e iso era o agasallo! —decepcionouse Xoel, que imaxinara un *Furby*, un *smartphone* ou cousa de semellante condición.

O guía mirouno sen dicir ren. Logo dirixiuse ao grupo:

—Poñédevos en fileira e ide vindo, se queredes, claro.

Había libros para a clase enteira e á maioría relaxóuselles o ánimo. Sentíranse excluídos da repartición de regalos e iso provocáralles feridas no orgullo.

Xoel achegouse a recoller o seu e o guía aproveitou para pousarlle no oído unhas palabras:

—Agardo que este agasallo non te ofenda. Seguro que nos que ti estabas a pensar non son máis ca extensións do corpo. Isto que levas, o libro, é unha extensión da imaxinación, tal dixo un tal Borges. Se non oíches nunca este nome, busca información e axiña saberás del. Non lles restes importancia a tan valiosos obxectos.

Aínda que, á parte de Ágata e Ramón, ninguén se decatara da anécdota, Xoel non puido evitar que as meixelas se lle volvesen da cor das cereixas maduras.

Xa co libro na man, pasaron por corredores anchos e altos dos que penduraban cadros de importantes artistas.



Pronto deron na Biblioteca Xeral, tan alta e
ateigada de libros que ben pasaría por unha enor-
me muralla preparada para soportar a arremetida
dun *tsunami*.



Algúns persoeiros como Ricardo Carballo Calero, Elena Quiroga ou os irmáns Vilar Ponte tamén deixaron á custodia do Parlamento a súa biblioteca persoal.

Despachos, salas de reunión, de xunta de portavoces, servizos de prensa, salas das comisión parlamentarias... Nas paredes, nomes como Quessada, Masside, Matas, Sobrino, Sucasas... Nas vitrinas e nos pedestais, Buciños, Manzano, Patiño... Nomes que a maioría escoitaba por primeira vez.

A visita ao Parlamento estaba a resultar toda unha descuberta.

6

Cando deron cun corredor diferente, de varandas de cristal que non chegaban ata as paredes laterais, ao pasaren por debaixo daquel teito en forma de arco, tiveron a sensación de que se estaban a meter na boca de metro dalgunha gran cidade.

Algúns asomaron á varanda e, polo oco das paredes laterais, fixéronse na planta baixa.

—Semella o pasadizo cara a unha nave interplanetaria! —exclamou Xandra.

A nave interplanetaria resultou ser a Sala das Letras Galegas.

Xoel retomou as súas ocorrencias diante da medalla de Eduardo Blanco Amor:

—Mi madriña, a este puxéronlle un nariz de peteiro de paxaro!



—Pois anda que a este, que parece que ten dous narices! Ou estoutro que nos bota a lingua! —referiuse Xandra ás caricaturas de Vicente Risco e de Antón Villar Ponte.

—E este está escachando de risa —continuou Xael coa chacota diante da caricatura de Xaquín Lorenzo.

—Siro López Lorenzo e Manuel Ferreiro Badía foron os autores destas medallas, coas caras dos

homenaxeados cada ano, que tanta graza vos fan —aclarou o guía—. Trátase de persoas ilustres ás que, porque amaron moito Galicia e a nosa cultura e porque fixeron algo importante polo país, se lles dedicou o Día das Letras Galegas. Tamén se poden consultar as súas biografías. De feito, hai unha exposición itinerante, que se inaugurou en decembro de 2013, na que participa a Real Academia Galega.

—Ai, si! Miña nai levoume a vela. —recoñeceu na lúa.

—Todo isto véñse facendo dende aquel 17 de maio de 1963 en que, a proposta de Francisco Fernández del Riego, se escolleu a Rosalía de Castro.

—O resto son todos homes! —deu en dicir Xandra.

—Todos non, pero case... Levas razón. E iso que a primeira vez, como vedes, se lle dedicou a unha muller. A ver se atopades algunha máis —retounos.

Axiña, quizais pensando na posibilidade de recibir outro agasallo sorpresa, houbo varios que

deron con Francisca Herrera Garrido e con María Mariño.

—Aquí hai outra muller! —berrou triunfal Xoel.

—Le antes de falar —reprendeuno Ágata polo baixo—. Xoán Vicente Viqueira.

Das tres mulleres, tan só unha lles soaba moito.

—Eu sei onde está enterrada Rosalía—dixo Icía, que seguía atenta a todo—. Está no Panteón dos Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval.

7

Por fin, o hemiciclo, o Salón de Plenos, a dependencia na que se fala, se debate e se votan os asuntos máis importantes.

—Que grande e que redondo!

—Guau, vaia nave espacial!

—Hai madeira ata polas paredes!

—As luces do teito debuxan raias por todas as partes!

—Cantas butacas!

—Son os escanos, paspán!

—Escalos? Eses son peixes!

Xoel andaba un chisco á miñoca e confundíao todo.

Se as escaleiras de acceso os impresionaran, entrar naquel inmenso salón provocáralles un fervedoiro de sensacións que os empuxaban a armar un rebumbio esaxerado.



—Tranquilizádevos e tirade as fotografías que queirades. Non esquezades a vidreira que preside o salón, e sinalou a parte alta da parede frontal. Igual ca a dos anxos do fondo, fíxoa Isaac Díaz Pardo. Dende detrás poderíase ver todo o que acontece aquí dentro e dende o teito tamén. Neste pazo

do Hórreo hai moitos corredores secretos dos que non todo o mundo sabe...

E Xoel fixo a pregunta que outros desexaban formular naquel momento:

—Imos ir por eses pasadizos misteriosos?

—Aí supoño que só van os electricistas cando se funde un foco —intuíu Fuco, sinalando o teito.

O guía limitouse a sorrir, antes de continuar coas súas explicacións:

—Decatádevos de que estamos na institución que representa o pobo galego: a vosa familia, os amigos e amigas, a toda a xente. Aquí é onde se lexisla, onde se fan as leis. Tamén onde se aproban os orzamentos, o diñeiro que se destina a cada cousa...

—Miña nai di que para Sanidade e para Educación deberían poñer máis cartos. Así estaríamos máis sans e seríamos máis sabios —falou Xandra.

O señor fíxolle un aloumiño no nariz. Parecía que estivese de acordo.

Deseguido retomou a explicación:

—O Parlamento de Galicia está composto por 75 parlamentarios e parlamentarias elixidos polos cidadáns por catro anos e que forman o Pleno. O Pleno elixe o presidente do Goberno e pode botalo fóra, se o fai mal.

—O Pleno do Parlamento manda máis ca o presidente da Xunta? —preguntou incrédulo Xocas.

—Por suposto! —respondeu o guía.

Icía aledouse de sabelo con anterioridade, xa llo explicara o avó.

Cando aquel home, que era a paciencia concentrada, comezou a expoñer en que consistían as reunións da Mesa, da Xunta de Portavoces, das Comisións parlamenta-



rias... a maioría só pensaba en que sitio escoller para cando tocase simular unha sesión do Pleno, converténdose por uns minutos en parlamentarios e parlamentarias, tal como lles prometeran.

—Eu pido o sitio do teléfono vermello. É o do presidente da Xunta! —berrou Xocas.

—Pois eu, logo, vou para a mesa da presidencia! —falou, tamén a voces, Lois, que case aínda non abrira a boca.

Todos querían ocupar as butacas azuis da primeira fila porque era onde sentaban os do goberno, pero o guía foi facendo os grupos e colocándooos.

—Non esquezades que este hemiciclo se fixo para falar, para tratar de conseguir acordos entre as forzas políticas que representan os cidadáns e cidadás, non para gritar. Non paga a pena falar a berros. Sabiades que poderíamos estar berrando oito anos, oito meses e oito días seguidos e esa enerxía que se gasta non daría nin para quecer unha cunquiña de café?

—Pois a meu avó os gritos quéntanlle a cabeza
—falou Xoel.

—Ides representar a diferentes grupos parlamentarios e tendes que escoller un ou unha portavoz para que fale no nome de todos os do seu grupo.

—Coma os delegados de clase! —caeu na conta Xandra.

—Algo así. Seredes deputados e deputadas que ides representar ao Colexio. Lembraide que o que acordedes aquí dentro ten que ser en beneficio de toda a Comunidade Escolar, non só voso persoal.

—A Comunidade Escolar é, entón, coma se fose todo o pobo galego —reflexionou Cristovo.

O guía aínda lles falou doutros asuntos dos que l'cía se quedou con tres palabras: *Iniciativa Lexislativa Popular*. Sobre todo co que significaban: participación directa dos cidadáns e das cidadás en facer unha lei.

E algo comezou a argallar na súa cabeza.

3ª PARTE

Atrapada no corredor dos pasos perdidos



De volta no Corredor dos Pasos Perdidos, Icía separouse do grupo e a visita ao Parlamento converteuse nunha sorte de historia interminable da que non era quen de fuxir. Agora xa non semellaba unha boca de metro, senón un río do que descoñecía a profundidade. As voces do guía e as dos seus compañeiros e compañeiras de clase deformábanse ao lonxe coma reverberacións do son.

Icía, angustiada, quixo gritar “Ei, agardade por min!”, mais as palabras quedáronlle atrancadas na gorxa, taponadas por algo que non acertaba a descifrar e as voces esvaecéronse. Como era posible que nin Ágata nin Ramón se decatasen da súa ausencia? Vaia par de profesores!

Dende ese instante o pazo do Hórreo foi o escenario de inesperadas aventuras e pesadelos que lle oprimían o estómago ata lle facer sentir desexos de vomitar.

Toda esa angustia comezou xustamente nese lugar que chaman dos Pasos Perdidos, onde antano esperaban os cidadáns, tras solicitar audiencia, coa esperanza de que as súas peticións fosen atendidas polas autoridades. Agardaban e agardaban, paseando a un lado e outro, mais rara vez eran recibidos.

Icía non estaba disposta a conformarse con esa espera inútil e comezou a deambular por outros corredores descoñecidos na procura dunha saída. Daría coa entrada do pazo e non se movería de alí ata que a rescatasen.

Iso foi o que pensou facer, mais unha corrente invisible guiou os seus pasos cara a uns pasadizos estreitos e desacougantes.

Un cheiro a pan torrado chegáballe de non sabía onde. Deixouse levar e...

De súpeto, e sen saber como aconteceu, bateu coa parte de atrás do famoso semicírculo de cristal, a vidreira creada polo artista galego Isaac Díaz Pardo. O seu nariz tocaba o medio e medio do dolmen branco que se atopaba no centro, ese monumento en forma de mesa co que o autor quixo representar a antigüidade da nosa cultura milenaria.



Púxose nas biqueiras; dende aquela altura puido ver o hemiciclo e, por fin, os rapaces e rapazas da súa clase convertidos en parlamentarios e parlamentarias que falaban acaloradamente. Incluso puido distinguir a Ágata e a Ramón que nese intre permanecían en pé.

Se Icía era quen de o escoitar todo con nidia claridade, é de supoñer que a ela tamén a oirían se berrase. Mais, cando quixo rebuscar no seu interior as palabras necesarias para dicir “Ei, estou aquí, detrás desta vidreira que ten paxaros por riba e caracois pola parte de abaixo. Vinde por min!”, sentiu coma se alguén llas roubase e lle enchese a boca de terra. *Palabras*, canto as botaba en falta!

2

Embaixo, no Salón de Plenos, os seus compañeiros e compañeras, vestidos con uniforme de cociñeiros, discutían sobre as vantaxes e inconvenientes de escoller unha lambetada ou outra para poñer como sobremesa no comedor do colexio.



Xocas, na tribuna de oradores, falaba:

—E por todo o dito, eu propoño que, por lei, haxa sempre torta de Santiago.

Alguén dende a presidencia, a única parte do hemiciclo á que l'cía non tiña acceso porque quedaba xusto debaixo de onde ela estaba, advertiuno:

—Agardo que non sexa un desexo persoal seu, non acordado co resto dos compoñentes do seu grupo parlamentario. Ben sabe, señor Xocas, que vostede non pode representarse unicamente a si mesmo! Lembre que o *nós* debe ser máis importante que o *eu*.

Deseguido, Fuco subiu á tribuna para defender as excelentes calidades da torta de chocolate que propoñía o seu grupo:

—Nós propoñemos a torta de chocolate porque é a máis nutritiva e sabedeira. Ademais, pensamos que a torta de Santiago non representa a todos os galegos e galegas, só os da cidade na que nos

atopamos neste intre, Santiago de Compostela. En todo caso terían que lle cambiar o nome e chamarlle torta de Galicia. E diría máis —aquí puxo énfase para dar máis forza ás súas palabras—, a améndoa auténtica sairía demasiado cara e con ovos da casa, tal como propoñen vostedes, xa sería totalmente inviable. Non podemos converter o colexio nun galiñeiro!

—E por que non?
—saltou axiña o portavoz do grupo B.

—Non interrompa, señor Xocas! —Falou de novo dende a presidencia esa voz enérxica.

—En canto ao xeado de nata que propón o grupo A —continuou Fuco expoñendo os seus argumentos con berros cada vez máis

esaxerados—, certo que servido en cucurucho aforraría pratos, garfos e, como consecuencia, lavalouzas e tempo; pero eu, señoras e señores parla-



mentarios, lanzo ao aire a pregunta: “Son os xeados idóneos para o inverno?” Teñamos en conta que no verán os colexios pechan as súas portas e...

—Por favor, señor Fuco, vaia rematando a súa intervención que se esgota o seu tempo de exposición. E non fale a gritos. Modérese vostede.

Outra vez a voz firme, que Icía non podía saber a quen correspondía dende onde se atopaba, interrompeu os aplausos que o grupo da torta de chocolate dedicaba ás palabras do seu



portavoz. Algo naquela voz a desacougaba e, dado que por máis que o intentaba non podía facerse oír, decidiu continuar explorando corredores na procura dunha saída ao exterior.

Unha feble luz dourada danzaba nas paredes. Era unha luz cruel que, en lugar de servir para eliminar as sombras, as rescataba.

3

A forza de camiñar encollida por aqueles estreitos pasadizos en penumbra, invadidos por tubos que semellaban anacondas cubertas de po espeso, que nada tiñan que ver cos que percorreran xuntos nun principio, lécía chegou á cuberta do edificio do Parlamento. Dende alí recoñeceu a Cidade da Cultura ao lonxe. O ceo, coma un mal presaxio, continuaba a ser de chumbo.



Facendo equilibrios camiñou ata unha parede branca. Non tiña saída! Xa ía dar volta cando no alto descubriu unha portela de ferro. Tamén pintada de branco. Uns estribos semellantes aos que teñen algúns postes de telefonía servían de esqueira. Subiu e, non sen esforzo para non perder o equilibrio, conseguiu abrir a pequena porta. Suspirou, agarrouse aos bordos laterais do marco e, axeonllada, entrou.

A súa respiración volveuse máis axitada ao decatarse de que pisaba un enreixado con precipicios a ambos lados, talmente unha pasarela entre altas montañas. Continuou agatuñando.

“Que vertixe!”

Un gruñido insistente fíxolle xirar a cabeza á dereita. A poucos metros de distancia descubriu un can azul —si, azul!—, que se empeñaba en lle mostrar os dentes. Aquela actitude tan agresiva deixou a lúa pálida e inmóbil. Axiña unha voz descoñecida a liberou de ser estatua de cera.

De súpeto, aquel can tan raro esvaeceuse, non soubo como. No seu lugar agromou unha rapaza



que non se sorprendu da súa presenza. Levaba un vestido longo, e unha pamela da mesma cor. Parecía unha nena doutra época.

—Ola, Icíá! —saudouna con naturalidade.

Icíá puxo cara de “E ti quen vés sendo?”, pero continuaba sen poder pronunciar unha soa palabra, coa desagradable sensación de ter a boca atestada de terra.

—Son a rapaza do sombreiro amarelo do cadro *O can azul* —adiviñara a rapaza a pregunta—. E se o deixo deambular —referiuse ao can—, é quen de papar todos os nenos que atope por diante! E

non falemos da iguana ou do rinoceronte, eses son aínda máis feroces.

Icía permanecía muda e a nena aconselloulle:

—Non deberías quedar aquí, non é moi prudente. É mellor que saiamos. Se queres preséntoche a Xaime Quesada, o pintor que lles deu vida ás feras todas, aos mortos que aparecen no óleo e ata a min. É un artista. Vaia, e Colmeiro, Corredoira, Urbano Lugrís, Lodeiro, Xavier Pousa, Aurora Pereira...

A Icía algún deses nomes soáballo de velo en láminas que viñan nalgúns libros que o avó Félix tiña na súa casa de Penaval, mais non estaba para reter áridas listas de nada. A nena do tellado decatouse do seu escaso entusiasmo:

—Se o prefires, deixamos a pintura e preséntoche os escultores que teñen obra no Parlamento. Sóache Buciños? O seu verdadeiro nome é Manuel García Vázquez, pero como naceu nun sitio de Carballedo que se chama Buciños, quixo escoller ese

topónimo, vaia, ese nome de lugar. A estatua de Castelao, que está en Pontevedra, e mais a Rianxeira de Rianxo fíxoas el.

A Icía veulle á cabeza a figura dunha nai de bronce cun neno de pedra en brazos, que vira nun dos corredores. Si, acordáballe ben. Alí poñía “Buciños”, e aínda riran porque Xoel lera “Fociños”, pero non dixo nada. Non podía.

Mais a nena do sombreiro amarelo seguía empeñada en falar coma se lle desen corda:

—Pertence ao grupo ourensán *Os Artistiñas*. Chamábanlles así porque eran moi novos cando se xuntaban na taberna do Tucho, arredor de Vicente Risco —e fixo un aceno de decepción antes de proseguir—: En fin, pensaba que podería presentarcho e tamén a Manuel Torres Jiménez, a Antón García Patiño...

—Coidado! —interrompeu Icía.



O can azul, máis encirrado, se cabe, emerxeu a carón da rapaza de amarelo, quen axiña o reprende:

—Ei, ti que fas aquí outra vez? Fóra, volve ao teu sitio agora mesmo!

O can volveu desaparecer antes mesmo de que rematase a frase e sen querer darlle importancia a ese feito, a rapaza aínda lle ofreceu levala á Sala das Letras Galegas, pero Icía dixo un *non* rotundo cun desesperado movemento de cabeza.

A devandita sala estaba, ademais, moi preto do Corredor dos Pasos Perdidos, xusto onde perdera o contacto cos seus compañeiros e compañeiras. Icía non sería quen de aturar máis sorpresas desagradables.

—Alá ti! —ofendeuse a rapaza misteriosa—. Eu dicíacho para que puideses falar con Rosalía, con Castelao, con Ramón Cabanillas, con Xoán Manuel Pintos, con Alfonso X o Sabio...



Era unha lista demasiado longa para poder conversar con todos a un tempo e, para máis, mortos.

Na clase explicáranlle que, para dedicarlle a alguén o Día das Letras Galegas, ten que levar como mínimo dez anos falecido.

Tantas impresións fortes xuntas fixéronlle sentirse mareada. Daquela deitouse sobre o enreixado, pechou as pálpebras e suspirou profundamente.

4

Cando Icía abriu de novo os ollos, non había rastro da rapaza nin do can. Só ela seguía alí, atrevida de frío, estarricada sobre aquel teito de reixa.

Nese momento recuperou as voces dos seus compañeiros e compañeiras. A alegría fixo que o encontro coa rapaza do sombreiro amarelo e o can azul se borrara por un momento da súa memoria.

E foi entón cando achou que, dende o alto e naquela posición, volvía ver o interior do Salón de Plenos, perfectamente iluminado. Pareceulle unha enorme sala de cine, un gran teatro...

Alí, todos os da clase, seguían debatendo sobre as vantaxes e inconvenientes de escoller unha ou outra sobremesa que contentase á maior parte do alumnado do colexio que representaban.

Nese intre era Baia quen, minúscula na distancia, falaba dende a tribuna de oradores. Agora podía vela de fronte e recoñeceuna axiña.



—Como lles dicía, señoras e señores parlamentarios, certo que coa torta de chocolate, ademais de grans que afean a cara, corremos o risco de nos converter en bruxas Pirulí, as do gran no nariz. Nós consideramos que a única opción válida é, como expuxemos no seu momento, o xeadado de...

As petadas no chan e as pitadas dos outros grupos fixéronse atronadoras. E de novo, dende a Mesa da Presidencia, alguén lles chamou a atención por ese comportamento:

—Señoras e señores parlamentarios, aquí estamos para defendermos os intereses de toda a comunidade educativa, non só os de cada un dos seus grupos! Non se trata de tirar cada quen para si. Quizais teñamos que pensar nun doce novo que teña en conta a améndoa, pero tamén o chocolate e quizais o xea...

Esa voz...



Por fin puido ver perfectamente a quen pertencía e ese descubrimento deixouna atónita. Era a propia Icíá quen, xunto con outros compañeiros, estaba na mesa elevada, fronte a todos.

Tocáralle exercer de presidenta do Parlamento! Agora comprendía a razón de que ninguén a botase en falta. Mais, como podía estar en dous lugares á vez? Milleiros de formigas nerviosas corricaban por dentro do seu estómago.

As sorpresas inquietantes só acababan de comezar.

En apenas un pestanexo aquela Sala de Plenos encheuse de picapeixes, lavercas, ferreiriños, liñaceiros, xílgaros, petos, paporroibos, merlos... Ateigouse de aves de todo tipo e de todas as cores que ocuparon os escanos destinados aos parlamentarios e parlamentarias.



As aves falaban coma as persoas, reivindicaban o dereito a ter un territorio de seu no que se desenvolver en liberdade e onde se respectasen as súas propias normas.

Todo parecía arrincado dunha película fantástica ata que, nun repente, se sentiron varios disparos. Aquela paxarada comezou a voar desacougada en círculos entolecidos mentres os tiros continuaban soando cada vez máis seguidos.



Algunhas aves caían fulminadas naquela alfombra da cor do sangue. Nese instante as palabras volveron, á fin, á boca de Icíá. Eran palabras pastosas, pero vivas:

—Axudaaaaa!!!

4ª PARTE

Rosa da Muiñeira, unha fada madriña



O avó Félix insistía en dar palmadas na cociña para avisalos de que o almorzo estaba listo. Icía espertou sobresaltada. Os últimos acontecementos que se desataran en Penaval impresionáranla tanto que nin en soños puido afastalos da cabeza.

Ergueu da cama, achegouse á ventá e limpou o bafo do cristal coa man. Pola porta entraba o recendo inconfundible das torradas do avó. O sol asomou axiña para lle facer cóxegas nos ollos.

Dende que, de véspera, visitara o Parlamento, unha idea batía con ansia na súa cabeza:

Podería ela, unha nena, cambiar o mundo?

Disposta a intentalo, correu ao dormitorio do seu irmán Fiz.

—Fiz, esperta, esperta! —zarandeouno.

Como era sábado e non terían que madrugar, Fiz aínda durmía profundamente. Semellaba un oso a hibernar.

—Fiz, Fiz, que tiven un mal sonho! —berroulle lía ao tempo que lle apartaba o edredón da cara.

—Hummm, vale —Fiz tirou del cara a arriba e volveuse tapar.

—Vale? —sacoullo ela ata os pés—. Dígoche que tiven un sonho terrible e dime vale? E xa está?

lía continuou sacudíndoo, desesperada ante a súa indiferenza.

—Que pasa? —incorporouse, por fin, aínda adurmiñado.

—Que pasa? Que pasa? Pasa que tiven un pesadelo espantoso! Soñei que me perdera no Parlamento e que non podía berrar, non tiña palabras e un can azul quería atacarme... Os meus compañeiros e as miñas compañeiras de clase discutían para ver que se poñía de sobremesa no comedor do colexio... Logo resulta que eu tamén estaba alí

e podia verme a min mesma coma se eu fosse outra,
e tiña terra na boca...



—Ho, Icía e para me contar esas parvadas vés espertarme?

—É que no meu soño apareceron paxaros protestando. Falaban coma a xente! De repente alguén comezou a dispararlles e...

A Fiz non parecía impresionalo o relato da súa irmá e Icía tivo que insistir:

—Pero Fiz, atende! O do outro día, cando fomos soltar o picapeixe, non pasou só unha vez. Iso está a suceder dende hai tempo e cada pouco máis a miúdo. Non ves que triste está o avó? E o que quero dicirche é que teño unha idea. Ti sabías que, se conseguimos 10.000 firmas, podemos enviarllas ao Parlamento para pedir que fagan unha lei nova?

—Unha lei nova, ti estás tola!

—Que si, Fiz. Chámase *Iniciativa Lexislativa Popular*. Podemos conseguir que Penaval sexa declarado Parque Natural Protexido.

—Pero se aquí, na do avó, non hai máis de 50 veciños, como facemos para conseguir 10.000 fir-

mas? E se, ademais, só valen as das persoas que teñan 18 anos ou máis, xa me contarás!

—É que teño un plan perfecto. Claro que sen a túa axuda vai ser moito máis difícil.

Dende a cociña o avó continuaba reclamándoos:

—Deixade as lérias para despois, lampantíns, que arrefría o leite!

2

Icía relatoulle con todo detalle o plan ao seu irmán. Entre os dous poderían darlle unha excelente sorpresa ao avó. A Fiz a idea pareceulle bastante estraña, pero o entusiasmo co que lla explicou, contaxiouno.

Despois do almorzo puxéronse mans á obra. Por diante quedaban moitas semanas de traballo, quizais meses. Pero a causa pagaba a pena.

Tratábase dunha misión que, en principio, non parecía supoñer grandes riscos. Toda a veciñanza, incluído o avó, íana interpretar coma un xogo infantil. Non terían nin idea do rebumbio que o empeño dunha nena e dun neno ía provocar no lugar e nos seus habitantes.

O primeiro que fixeron foi coller cadanseu porquiño de barro, que lles trouxera a tía Lurdes de México e que gardaban na casa do avó Félix, á que ían cada vez máis a miúdo. Neses petos foran me-

tendo os seus aforros: parte da paga semanal que o avó estipulara para cadaquén.

O cocheo branco de flores azuis, o de Icía, pesaba máis e soaba diferente do de Fiz, do cocheo azul



de flores brancas, que soaba oco. El sempre fora máis lambón á hora de mercar larpeiradas e tíñao case baleiro, pero non era momento de reparar neses detalles. O importante era que Fiz se brindou a entregar os seus aforros para a causa.

Nunha bolsa pequena xuntaron as moedas coa intención de iren á vila, situada a uns dous quilómetros do lugar de Penaval. Alí, ademais da Casa do Concello, estaban as tendas grandes.

Decidiron comezar por entrar na librería-papejería de Dolores para mercar as cartolinas.

—Dolores é unha roñona, a ver cantas nos dá por isto —preocupouse Icía—. E aínda temos que deixar para as témperas, os pinceis, a comida...

—Eu creo que no seu taller, o avó ten varios botes grandes e non creo que nos rife se lle collemos un pouco de cada...

—Non sei, date conta de que temos que pintar moitas...

En canto abriron a porta de entrada, soou a campaiña da tenda e, de inmediato, apareceu ou-

tra muller que non coñecían; no entanto, ela recoñeceunos axiña:

—Sodes os netos de Félix, non si?

—O neto son eu—matizou Fiz.

—E ti a neta, claro —rectificou a muller—. Vaia, son unha laretas, pero é que eu estudei o bacharelato canda o voso avó e levabámonos moi ben, por certo. Dícidelle que estiveses con Rosa da Muiñeira. Claro que, agora xa hai moito que non cadramos. Eu cada pouco saio menos da casa e el supoño que está alá no seu mundo —e parou un pouco a pensar, antes de seguir—: O voso avó é un home de palabra, o que fai sempre vai co que di. Segue pintando, va que si?



—Si — respondeu Fiz, aínda desconfiado. Nunca ninguén os examinara tanto antes de lles vender unhas simples cartolinas.

3

Rosa era maior ca Dolores, a que estivera noutras ocasións nas que lle tiñan ido mercar a prensa para o avó Félix. Con todo, parecía simpática.

—Nós vimos sempre, case todas as fins de semana e mais en vacacións, pero antes aquí...

—Había outra vendedora máis nova e máis guapa ca min —continuou a propia Rosa—. É a miña filla Dolores, pero agora marchou de viaxe, que levaba anos sen parar un só día e eu quedolle aquí unhas horiñas. Hoxe só pola mañá; pola tarde, como é sábado, pechamos. Non están os tempos como para que os humildes autónomos se dean moitas alegrías. En fin, así que vindes moito... Ben sei, ben sei que non sodes dos que esquecedes os avós cando quedan sós —e suspirou con nostalgia—: Ai, quen tivese netos!

A señora Rosa estaba leándose e tanto Icía como Fiz comezaron a inquietarse. Ela notouno e axiña lles preguntou:

—Que é o que vos trae por aquí, logo?

—Queríamos mercar cartolinas —falou Fiz.

—De que cor —preguntou Rosa.

—Dá igual —respondeu Icía.

—Moi ben, de calquera cor, pero cuántas queredes, entón?

—Para as que dea isto.



Ícía puxo a bolsa dos cartos sobre a mesa e, aínda que os contaran varias veces e sabían que alí había 27,40 euros, aceptaron que a señora Rosa o comprobase.

—As cartolinas non son tan caras, oh. De aquí supoño que aínda ha sobrar bastante. Cantas vos fan falta?

Os irmáns miráronse en silencio, sen saber que responder. De súpeto, os dous á vez, coma se antes se comunicasen cos ollos, dixeron:

—Cincuenta!

—Tantas? —estrañouse a muller—. E da mesma cor? É que non sei se teremos...

—Valen de calquera cor.

A señora Rosa, logo de lles botar unha mirada de esguello, tratando de adiviñar as súas intencións, desapareceu cara o reservado que facía de almacén.

Os segundos que tardou en reaparecer, tanto a Icíá como a Fiz, fixéronselles eternos. Non iría chamar á policía tomándoos por delincuentes! Aqueles cartos eran seus, o único



delito que cometeran fora non contarlle nada ao avó nin a ningún sobre os seus verdadeiros plans.

Trabucáranse. Rosa apareceu cargada cunha morea de cartolinas de diferentes cores.

—Novas só temos estas —tocoulles para comprobar o grosor da pila—. Andarán arredor das corenta, pero déixovolas a moi bo prezo. Como se achega o verán, queremos desfacernos deste vello material para reformar a tenda porque as humidades...

—É que non nos van chegar —atreveuse a dicir Icíá.

4

A señora Rosa decatouse da cara de decepción dos pequenos clientes e regresou ao almacén, do que axiña volveu cun paquete de cartolinas que triplicaba en grosor o anterior.

—Se vos serven así, con algunhas manchas de piolla, estas déixovolas levar de balde.

—Si que nos valen!! —exclamou Icía cun entusiasmo tal que semellaba que lle tocase o gordo da lotería.

—Vaia... E pódese saber para que queredes semellante cantidade de cartolinas? O voso avó, se mal non recordo, pinta sobre lenzo...

—É que... —non acertaba a seguir Fiz.

—Son para unha misión secreta moi importante que polo de agora non podemos dicir a ninguén —resolveu Icía.



A Rosa, que exercera de mestra moitos anos, fíxolle graza a resposta e só dixo:

—Diaño, unha misión importante! De acordo, e precisades algo máis?

—Témperas e pinceis—atreveuse a pedir Fiz.

—E a vosa misión é boa?

—Queremos cambiar o mundo —asegurou Icía.

—Esas son palabras maiores! —respondeu a señora Rosa ao mesmo tempo que lles volvía meter os cartos na bolsa.

Dende ese momento foise convertendo nunha especie de fada madriña que os abasteceu de témperas de todas as cores, de pinceis de diferentes grosores e texturas, e, o máis alucinante, ofreceuse a levalos, con toda a carga nunha caixa grande de cartón, á casa de Félix en coche.

Antes de saír aínda lles preguntou se precisaban algo máis e foi Icía quen se atreveu a pedir se



llas podía cortar coa súa máquina, en catro partes iguais.

—Todas?

—E que se non, non nos chegan —axudou Fiz.

—Tamén queremos que nos garde o segredo para que o avó non saiba nada do que lle dixemos. Queremos darlle a sorpresa cando rematemos.

—Prometido! —asegurou Rosa.

Todo o que foron conseguindo nas fins de semana seguintes: o penso para paxaros, os anaquiños de carne, os peixiños frescos, as cuncas de plástico... sería moi longo de contar.

O que en realidade importa é a posta en práctica do seu plan secreto.

5ª PARTE

Un plan secreto



O mellor da casa do avó era o vello salón, en desuso como tal, que daba ao Regato dos Lavancos e que Icía e Fiz utilizaban, en exclusiva, para os seus xogos.

Abondaba con asomar á ventá para ver algunha parella de lavancos navegando xuntos, coma follas da mesma árbore, namorados. El coa cabeza azul, papo escuro e un finísimo colar branco arredor do pescozo, inmaculado igual ca a cola. Ela, totalmente xaspeada en marrón, branco e crema.

Aprenderan mesmo a distinguilos dos parrulos comúns: os lavancos non mergullan a cabeza na auga, nin emprenden unha carreira antes de levantar o voo como fan os parrulos comúns.

Nese vello salón, fixaron o seu centro de operacións.

O conxelador, resultou providencial para que, tanto os peixiños que lles sobrasen coma a carne



picada que lle cederan na carnicería, aguantasen en boas condicións o tempo necesario.

Pensaron que o avó era demasiado despistado para esas cousas e non repararía nos novos produ-

tos que ben se ocuparon en agochar por baixo do resto de alimentos da arca dos conxelados. O alpiste, por sorte, abondaba con gardalo nun lugar fresco e seco.

Aquel campamento base funcionou á perfección.

Por primeira vez ían poñer en práctica o plan. Todo por salvar Penaval. Ese domingo tocaba desprazarse ata a Lagoa dos Liñaceiros, a onde van dar os dous regatos do Oeste. Foi unha sorte que o avó, atarefado no seu taller, non lles preguntase nada.

—Imos recoller amorotes —mentíulle Icía.

E abondou de explicación.

Tanto Icía coma Fiz sentían nas tempas os latexos dos seus corazóns inquedos. O avó non merecía embustes, mais eran por unha boa causa. Chegarían ao Parlamento.

Se a mochila de Fiz fose transparente, veríanse dentro dous botes de cristal, un deles cheo de peixiños e outro de carne picada. Tamén, un pa-

quete de penso para paxaros, varios recipientes de iogur baleiros e unha ducia de pequenas cuncas de plástico, amoreadas unhas noutras. Do seu pescozo colgaban uns prismáticos.

Na súa mochila, Icía levaba vinte anacos de cartolina do tamaño dun folio, pinceis, dúas cullerinas do café, varias pinzas da roupa, dous botes de témperas, un caderno moi pequeno, un bolígrafo e un par de panos. Na man levaba un anaco de hule enrolado.

—A auga xa a collemos no sitio —dixo Fiz.

—Eu metín dous botes de témperas e para hoxe chegábanos dabondo con un —falou Icía.

—Mellor, así eu mollo nun e ti noutro, a ver a quen lle van máis paxaros.

—Quen me dera que conseguísemos volver coas vinte feitas!

—Oxalá. E mañá outras vinte. E pasado outras...

—Que sorte que chegasen as vacacións!

—E que mamá se largase a facer cursos...

—E que o avó estea tan ocupado...



2

Un pouco falando e outro pouco en silencio, camiñando por terreo chairo de exuberantes bosques cargados de froitos, abeirando os regatos que serpeaban o val, rubindo por atallos abruptos de rochas de arestas agretadas, pisando terra ou pasando por herbais que lles cubrían os xeonllos, chegaron á Lagoa dos Liñaceiros.

Pousaron as mochilas no chan e Icía estendeu axiña o hule. Sobre el foron colocándoo todo.

—Que cor prefires ti? —Preguntou Icía.

—E ti? —encolleu os ombreiros Fiz

—Vale, pois eu a azul e ti a vermella.

Colleron cadanseu vaso de iogur, enchéronnos con auga da propia lagoa e, noutros vasos, botaron cadansúa culleradiña de témpera e fixeron a mestura de témpera con auga.

—Xa sabes que ten que ser espesa, se non...

—Claro, ben sei.

Cada un comezou a pintar a súa cartolina, previamente numerada por detrás, con aquela pasta.

Deseguido, Icía foise para a parte máis mesta do piñeiral próximo cunha cartolina azul, aínda húmida, e unha cunca cun anaco de carne dentro. Pousou a cartolina nun sitio liso, preto do pé dun piñeiro. Puxo enriba a cunca e volveu para preparar outra.

Desta volta botaría na cunca un chisco de alpiste e colocaría a noutro sitio distante do anterior.

Fiz, que mentres tanto xa pintara de vermello cinco cartolinas, decatouse da inutilidade do que acababan de facer.

—Así non pode ser, van-
nos secar antes de tempo!



As cousas eran aínda máis complexas do que programaran. Cando Icía foi ver as súas cartolinas,

nunha delas xa desaparecera a carne, pero, quen a comera? Se non o sabían non lles valería de moito.

Decidiron, daquela, ir de unha en unha. O seu plan esixía moita paciencia.

Empezaron por unha das vermellas. Fiz volveu humedecela mentres lía poñía un chisco de carne na cunca. Levárono todo ao pé do mesmo piñeiro e colocaron a cunca sobre a cartolina pintada.

Fiz colleu o bolígrafo e mais o caderno e, xuntos, afastáronse do devandito piñeiro. Mudos, co corazón bailando no peito, case sen respirar sequera, agardaron.

Fiz enfocaba cos prismáticos cara a onde estaba a cartolina. lía mantiña apertado nas mans o caderno e o bolígrafo que lle acababa de pasar Fiz. Era o seu xeito de conter os nervios.



Ao cabo duns segundos, un paxaro presentouse a comer.

—É unha bubela, é unha bubela! Apunta aí: número un, bubela. Ala, xa se foi!

—Ti estás seguro? Eu non puiden ver ben o que era.

—Icía, que as bubelas son moi fáciles de identificar! Ata se lle vía a crista dourada, como a levaba cerrada parecía o casco dun ciclista, deses alongados cara a atrás —explicoulle xesticulando coas mans.



—Tiña o pico longo?

—E raias brancas e negras polo corpo. Que si, que era un galo merdeiro, como lles chama o avó.

—Pois a min, non sei por que, o que comeu a carne antes, non me pareceu unha bubela. É que no chan había desas boliñas escuras que trousan as noitebras...

—Igual foi un moucho que está nalgún oco. Volvemos poñer outra no mesmo sitio, a ver...

3

Aquel método funcionou!
Entusiasmados, recolleron a cunca e a cartolina. Todo saíra sobre o previsto.

Fiz colgouna cunha pinza nunha rama para que secase e volveron onde o tiñan todo. Icíá pasoulle o pincel outra vez á outra cartolina, que xa pintara de azul. Fiz botou carne na cunca. Deseguido puxeron a cartolina e a cunca ao pé do piñeiro.

Tocaba agardar.

Estaban de sorte. Aínda ben non se ocultaran a unha distancia prudente para que a ave se confiase e Fiz, con alegría contida para non espantala, pasoulle axiña os prismáticos a Icíá.

—É unha curuxa! —dixo exaltada—. Que ben se ve! Ten a cara en forma de corazón e as pintiñas nas plumas que semellan gotas douradas.

A curuxa abriu as súas ás, brancas por baixo, asubiou e desapareceu de vez. Icía e Fiz correron rescatar a cartolina e a cunca baleira.

Alí mesmo, Fiz ditou:

—Pon aí, “número dous, curuxa”.

E Icía, eufórica, escribiuno.

—Debía de ter moita fame! O normal sería que estivese a durmir nalgún agocho do piñeiro.

Conseguiran rematar dúas fichas en media hora. Probablemente non farían as vinte que tiñan previstas, pero non importaba. O principal era que a idea funcionaba!

O que non funcionou foi o despiste de deixar destapado o bote da carne. Algún animal espelido andou á espreita e baleirouno.

Iso serviulles de lección: o entusiasmo non lles podía anular o sentido común. Terían que ter deixado o bote cerrado.



Menos mal que lles quedaba carne dabondo no conxelador e que non lles manchara o resto das cartolinas.

4

O contratempo non os podía deter e decidiron botar man dos peixiños. Non querían, ademais, regresar cuns peixes que logo non servirían.

—Ao mellor teñen que ser peixes vivos —preocupouse Icía—. Moitos paxaros son pescadores...

—Xa, pero non creo. Nos parques de atraccións, ás focas danlles peixes que sacan dun caldeiro e... —de súpeto Fiz, que xa estaba tan entregado á causa coma súa irmá, interrompeu a conversa —: Mira, mira, por aí vai unha femia de parrulo cristado!

—E por que sabes que é femia?

—Fíxate que ten o lombo castaño e polos lados máis claro. Se fose macho sería negro e polos lados branco.

Icía case lle arrincou os prismáticos do pescozo:

—Ai, si, si. Que chulos! Os patos cristados teñen os ollos amarelos moi brillantes. Parecen de ouro!

Colleu un peixe e guindouno con forza á auga, á maior distancia que puido. Aquela femia continuou indiferente o seu traxecto.

Ao lonxe, non tardaron en aparecer tres cristados máis. Aqueles ollos que destacaban nas cabezas azuis, facíanos inconfundibles. Os prismáticos do avó non enganaban. Eran tres machos.

Icía volveu probar a botarlles un peixe. Os tres foron a por el. Fiz, que xa recuperara os anteollos, puido comprobalo perfectamente.

—Sigue, sigue! Síguelles a botar, Icía. Que se acheguen, a ver se somos quen de os sacar da auga.

—Corre, molla tres! Colle as que xa pintaras e vólvelle pasar, que é máis rápido. Ponlles a cunca enriba. Apura, antes que acabe cos peixes!

Nun minuto escaso, Fiz tiña as tres cartolinas humedecidas de azul. Púxoas moi preto da beira, onde Icíá tentaba atraelos. Enriba colocou cadansúa cunca con peixes e, xunto con Icíá, tamén comezou a lles botar comida. Outros parrulos foron achegándose dende a outra beira da lagoa. Todos eles reclamaban alimento, grallando con insistencia.



—Agora imos botar na herba, a ver se soben e veñen ata as cartolinas —dixo Icía.

A experiencia foi tan eficaz que se converteu en problema. Todos querían subir. Non entendían aquela discriminación e, se os tentaban espantar, rebelábenselles.



Daquela botaron o resto dos peixes na auga para que non continuasen subindo máis parrulos ao herbal.

Dous machos e tres femias, conseguiron ir comer ás cartolinas. Un deles virou a cunca antes mesmo de engulir os peixiños, mais era o que menos importaba naquel instante tan tenso.

—Fóra, fóra, larpeiros! —Botounos Icía, derrotada ao crer que o seu plan comezaba a fallar.

—Serve, serve! —a Fiz, a ledicia saíalle pola voz e deseguido ditou—: “Número tres, dous parrulos cristados, un macho e unha femia. Número catro, un parrulo macho. Número cinco, dous parrulos cristados femia.

Recolleron as cartolinas e colgáronas con pinzas en diferentes ramas do mesmo freixo.

E unha idea nova comezou a rebulirlles no maxín.



6ª PARTE

Un espectáculo dantesco



Trasladárono todo ata a outra beira da lagoa, xusto onde desembocaba un dos regatos, e dispuxéronse a poñer en práctica a nova idea.

Icía botou contas:

—Se tamén facemos así con outros paxaros pequenos, podemos rematar moito antes.

—Con todas as cartolinas á vez, eh! Se non chéganos a hora do xantar e o avó vai vir por nós.

—Só temos doce cuncas!

—Vale, pois pintamos doce.

Ao tempo que cubrían con témpera as cartolinas, trataban de imitar os trilos dos xílgaros. Asubiaron, coma se estivesen pasando rapidamente un dedo por un cristal húmido, coma se fosen grilos, coma as gaivotas, coma se estivesen a abrir

e cerrar repetidamente unha porta que chía e de
cantas maneiras recordaban terlles escoitado aos
auténticos liñaceiros cantores.

Dende un loureiro, oíuse un “Chugüí, chugüí,
chugüí, chugüí...”

E deseguido:



—Chuí, chuí, chuí, chuí... Quei, quei, quei,
quei...Brbrpipipisisisiii... —Pío, pío, pío, pío...
Caí, caí, caí... Bis, bis, bis... Guei, guei, guei, guei...



Nin Fiz nin Icía pronunciaron unha soa palabra. Limitábanse a imitar aquel fantástico trilar mentres o preparaban todo.

En breves segundos, dos sabugueiros, dos acivros, dos sanguíños, das abeleiras, dos plátanos e de canta planta que abeiraba o regato e a lagoa, comezaron a saír as mellores músicas do mundo.

Cando tiveron as doce cartolinas colocadas de maneira estratéxica polo chan, con cadansúa cunca chea de alpiste enriba, retiráronse a unha distancia prudente, para que os paxaros se confiasen. Icía, caderno e bolígrafo en man, e Fiz, cos anteollos preparados, permaneceron á espreita.

—Chuí, chuí, chuí, chuí... Quei, quei, quei, quei...Brbrpipipisisisisiii... —Pío, pío, pío, pío... Caí, caí, caí... Bis, bis, bis... Guei, guei, guei, guei...

Un ousado liñaceiro foi o primeiro en estrear unha das cartolinas azuis. A este seguiu outro que quixo comer á mesma mesa. E outro, e outro máis...

En escasos segundos as doce cartolinas estiveron repletas de xílgaros que celebraban un banquete de alpiste.

—Apunta, Icíá. Dende o número seis ao número 17, xílgaros liñaceiros. Non sei cantos, pero moitos, moitos!

Fiz, estaba pletórico ao comprobar os resultados.

2

Malia os imprevistos que ían xurdindo, o plan continuou adiante nos días que seguiron, nas semanas que seguiron. Mais a prudencia non abondou e, dende mediados de agosto, o seu plan deixou de ser tan secreto.

Pola mañá cedo, contra o medio día e mesmo contra noiteña, ducias e ducias de foguetes estoupaban ledos no ceo das vilas dos arredores. A música das bandas, os gaiteiros, as tómbolas, as atraccións, as larpeiradas extraordinarias, as reunións familiares... fixeron que, por uns días, tanto Icía coma Fiz, interrompesen o seu plan perfecto.

En toda Galicia se celebraban festas importantes e os escasos veciños de Penaval tamén participaban nos festexos da vila á que pertencían.

A Icía e a Fiz, nin por asomo se lles pasou pola cabeza a desfeita que ían atopar en canto retomasen o seu cometido.

Só foran apenas catro días de festa rachada, antes de regresar co avó a Penaval, e parecíalles que pasaran catro semanas.

O avó Félix tamén desexaba regresar canto antes, absorbido pola exposición que estaba preparando para presentar nunha nova sala que se ía inaugurar cos seus cadros na propia vila. Ser, por fin, profeta na súa terra convertíase nun dos feitos que máis feliz o podían facer, ademais, por suposto da compañía do seu neto e da súa neta.

Icía e Fiz retomaron as súas tarefas secretas.

Vinte novas follas de cartolina meteu Icía na súa mochila.

Das témporas só quedaban amarela, branca e negra.

O resto, como decidiran facer cada vez máis espeso o

preparado, xa as

consumiran. Preto de 300 follas de cartolina, secas e perfectamente numeradas, estaban listas para



presentar onde fose preciso, incluído o mesmísimo Parlamento.

—Imos ter que coller das témperas do avó.

—Total non as utiliza.

Desta volta pensaron en chegar ao Salto de Cristal, un lugar ao que o Avó Félix os tiña levado noutras ocasións e que el mesmo rebautizou como Paraíso das Fadas. Alí as augas descendían en fervenza por penedos con formas máxicas, capaces de se meter na imaxinación de cada visitante para se transformaren en osos, meigas, caras de nenos, de vellos...

Deteríanse tamén no Miradoiro da Lúa, onde o avó lles fixera un regalo marabilloso. Unha noite, sentados os tres no alto da explanada, cos pés descalzos, o avó dixéralles:

“Fixádevos nesa noitebra que pasa cortando a lúa!”

“Veña, buscade algo que vos faga sentir cóxegas no peito! A lúa. Oh, Deus, moitas grazas. A lúa!”



Ao avó gustáballe imitar os poetas. E, tanto Icíá coma Fiz, case puideran tocar a lúa coas mans mentres do mar lles chegaba o recendo da súa canción de berce en palabras de espuma branca.

3

Ha pasaran o Val das Arandeiras, pero aínda non alcanzaran o Alto da Moa cando deron con aquela catástrofe. Tratábase da paisaxe máis triste que nunca observaran na súa vida.

Ícía soltou a mochila, Fiz fixo outro tanto e, sen diciren ren, espantados, deron en correr cara á casa a todo o que lles daban as pernas.

En moito menos tempo do que lles levara na ida o mesmo traxecto, xa estaban á porta do estudio de Félix.

—Avó, ven axiña! Ven axiña!

—No Alto da Moa, no Alto da Moa!

—Non me asustedes! Que pasa no Alto da Moa?

—Algo terrible, corre, ven canda nós!

—Hai moitos paxaros mortos! Teñen as patas para riba!

—Están polo chan ciscados. Disparáronlles, vé-selles o sangue seco!

—Veña, imos alá!

Aínda ben non remataran de falar e xa o avó limpara as mans e sacara a bata azul para saíren a toda présa cara ao Alto da Moa.

De camiño Félix íalles facendo preguntas: se viran alguén por alí, se alguén os vira a eles, que especie de paxaros era...

A ningunha delas souberon responder. Tan só repetían:

—Están mortos, están mortos!

Cando, á fin, chegaron ao lugar da traxedia, o avó quedou pampo, sen dicir nada ata que, uns segundos despois de contemplar a desfeita, exclamou:



—Vaia espectáculo dantesco! Isto hai que o denunciar agora mesmo.

—Espera, avó. Queremos dicirche unha cousa. Nós...

Icía e Fiz remataron por lle explicar, moi resumido, o que andaran a argallar durante todo o verán.

—Podemos quedar, avó?

Félix acolleu cos seus brazos, aínda fortes, o neto e a neta nunha sorte de aperta silenciosa ategada de afectos e, con ollos de ter o peito acugulado de emocións, foise sen dicir máis nada.

Fiz e Icía, con máis ansia ca nunca, principiaron coa súa tarefa, desta volta menos complicada, pero moito máis penosa.

4

Horas despois, cando Fiz e Icía regresaran á casa, as autoridades chegaron ao Alto da Moa para comprobaren in situ se as palabras daquel veciño tiñan algo de verdade e atopáronse con que non había nin rastro das aves mortas.

Non moi lonxe, un esquío contemplaba incrédulo a escena. Oxalá os esquíos falasen!



Félix non sentiu vergonza, sabía que aquilo pasara de verdade. Só experimentaba unha tristeza e unha impotencia infinitas porque non tiña maneira de demostrar nada.

Dende entón, cada noite xuntábanse no vello salón para poñeren en orde todo o material recollido. Na casa do avó xa non precisaban disimular.

Icía, co caderno aberto, ía ditando a Fiz o que tiña que escribir nunha ficha adhesiva, que antes pegara na esquina inferior dereita en cada cartolina xa ben seca:

—Ferreiriños rabilongos —e facía unha pausa para lle dar tempo de tomar nota—. Liñaceiros de papo negro —outra pausa—. Folosa das canaveiras, un. Folosa das canaveiras, dous. Folosa das canaveiras, tres. Perdiz rubia, un...

E cucos, merlos, carrizas dos xuncos, lavercas, grallas, petos, galiñolas, lavandeiras, lagarteiros, andoriñas, pardais, mazaricos, grou, estorniños, liñaceiros papo negro, bico amarelo...

Contando coas que xa tiñan dende o comezo da posta en práctica do seu plan, levaban catalogadas máis de 200 especies, sen contar esquíos, raposos, teixugos, doniñas, cervos, ourizos, leiróns, coellos, murgaños... que tamén abundaban en Penaval.

A tarefa fora tan laboriosa que o verán non abondou para cubrir todas as cartolinas que a señora Rosa lles regalara xa cortadas. As fins de semana do novo curso, as vacacións de Nadal, as do entroido e ata as de Semana Santa foron necesarias para tratar de conseguir que as aves migratorias que aparecían por Penaval só en determinadas épocas, tamén formasen parte do seu obxectivo.

Pasou case un ano dende que Icía, na súa visita ao Parlamento, se quedara con aquelas tres palabras, *Iniciativa Lexislativa Popular*, que lle deixaran de resultar rimbombantes en canto soubera o seu significado: os cidadáns poden presentar no Parlamento unha proposición de lei. Na Cámara, unha vez publicada no Boletín Oficial do Parlamento, deciden se lle cambian ou lle engaden algún punto... A iso chámanlle "emendas", como fai Ágata cando corrixe as súas redaccións para que queden mellor.



Ese texto aínda pasa por persoas que saben do tema, por unha comisión de expertos. E debaten tratando de se poñer de acordo antes de presentar, á fin, esta proposición de lei no Salón de Plenos para sometela a votación. Se á maioría dos representantes do pobo, as deputadas e deputados parlamentarios, lles parece xusta, convértese en lei de verdade.

Como non lles vai parecer xusto salvar Penaval?

5

Félix tampouco non quería que se repetisen esas atrocidades e, pola súa conta, retomou o que comezara tempo atrás sen demasiado éxito, converténdoo de novo na súa prioridade.

Estendidos sobre a súa mesa aparecían moreas de papeis que non agochaba de Fiz nin de Icía. Eles, de cando en vez inspeccionaban e lían o que o avó subliñara:

“Lei 1/1998, de 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia”.

“O artigo 13.1 do Estatuto de Autonomía reconece a iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan que ser tramitadas polo Parlamento de...”.

“...a participación directa dos cidadáns e cidadás no proceso de produción normativa como suxeitos da iniciativa lexislativa”.

“Artigo 1

Os cidadáns e cidadás maiores de idade que gocen da condición política de galegos e se atopen inscritos no censo electoral poden exercer a iniciativa lexislativa prevista no artigo...”

“Artigo 4

O procedemento para o exercicio da iniciativa popular iniciárase mediante a presentación no rexistro do Parlamento dun escrito dirixido á Mesa que conterá...”

Con letra manuscrita do propio avó, aparecían notas soltas:

Precisamos 10 membros para a comisión promotora.





*Valores singulares do territorio,
tanto estéticos como culturais de
interese científico e ornamental das
especies botánicas existentes.*

*Verxel natural de máis de 5.000
hectáreas con posibles rutas de sen-
decirismo.*

Especies endémicas de flora e fauna.

Áreas autóctonas.

De todo o anterior, tanto Icíá coma Fiz, só entendían que o avó pretendía recoller firmas. Tamén el quería conseguir que eses atentados á natureza que, cada vez máis a miúdo, se viñan producindo en Penaval, non volvesen suceder.

Aínda que noutroira non lle fixeran moito caso, no lugar comezaron a tomalo en serio ao comprobaren como unha mañá a Fraga do Leste amenceu con varias árbores cortadas. Semellaban parrulos decapitados.

Dado que, quen queira que fose o responsable ou responsables, lles foi de todo imposible borrar as probas da desfeita, tal como fixeran cos paxaros, tiñan á fin a evidencia da agresión á natureza. Nin sequera se molestaran en levar de alí a madeira para simular que fora unha necesidade urxente que minguase o alcance do seu delito.

Aquela provocación conseguiu que toda a veciñanza se sentise conmovida e culpable por non ter actuado antes. Mais eran tan poucos que, para conseguir 10.000 firmas, habían de loitar moito.

Pola súa banda, Fiz e Icía deron por rematada a parte máis complicada do seu plan. Agora tocaba ordenar o material e redactar o longo escrito que explicase os actos vandálicos e o que ambos reivindicaban.

Carta ás señoras e señores parlamentarios



Fiz, que tiña peor letra ca Icía, como quedou en evidencia nas fichas, foi o encargado de ordenar as 660 follas, coidando de que as últimas estivesen ben secas antes de as poñer con todas as demais. Tamén se encargou de cubrir os adhesivos brancos das que faltaban por completar, de acordo cos apuntamentos do caderno.

As cartolinas que lles cedera a señora Rosa deron para moito. Precisarón, de feito, dúas caixas baleiras para metelas todas antes de as enviar ao seu destino: o Parlamento de Galicia.

Na parte de arriba, tal como acordaran en facer, Fiz foi colocando as que pintaran de témpera negra. Resultaba increíble que todas e cada unha das pegadas fosen diferentes, únicas, por moito que semellasen entre elas.

Mentres tanto, Icía, buscaba as mellores palabras para convencer os deputados e deputadas do

que ela xa estaba convencida. Despois de moitos borranchos e repeticións, deu por rematada a carta.

Ao cabo duns días, sobre a mesa dunha das oficinas do Parlamento había varias pilas de cartolinas pintadas con témperas de diversas cores. Nelas aparecían debuxos que imitaban as pegadas das patas de diferentes aves.

Na oficina do oficial maior, unha muller mantiña unha expresión de perplexidade. Non sabía como reaccionar. Aínda recoñecendo que resultaban vistosas e que tiña visto pinturas enmarcadas con menos graza, non entendía nada do significado daquel envío.

A quen se lle ocorrera semellante cousa? Que sentido podían ter?

Cando ía desfacerse dos enigmáticos debuxos, decatouse de que unhas follas manuscritas quedarán debaixo dunha das caixas e sentiu curiosidade por ler o contido. A letra era de tamaño esaxerado e ambos folios estaban escritos polas dúas caras.

Quizais alí descubrise o sentido da absurda broma.



2

Señoras e señores parlamentarios:

Chámome Icía, aínda que este escrito tamén é do meu irmán Fiz.

Ben sabemos que vostedes fan as leis e que, dende o Parlamento, coa forza das palabras se poden cambiar as cousas que están mal para que todos os cidadáns e cidadás vivan mellor. Pois aquí, en Penaval, están a pasar cousas que están mal. Moi mal.

Penaval é o lugar máis fermoso do mundo. Ten ríos, regatos, lagoas... Ten árbores froiteiras e ten árbores nas que viven miles e miles de ~~paxaros~~ aves e outros animais que desexan estar tranquilos. Nós queremos pedirilles que fagan unha lei que prohiba talar árbores, provocar incendios e matar ~~paxaros~~ aves.

Aquí tamén vive o avó Félix que, dende que a avoa Pilar se foi, non quere viaxar a ningún outro sitio.

O avó di que en Penaval é onde está o paraíso. E o avó é un home de palabra, dío a señora Rosa, e a min iso gústame.

A señora Rosa é boa.

Penaval é enorme.

A nós tamén nos gusta moito estar aquí. Cando non temos clase, vimos sempre e cada fin de semana descubrimos un sitio novo.

O avó tamén di que coas palabras se pode facer visible o invisible.

Escribo estas palabras porque queremos que vexan Penaval no Parlamento. Aquí temos un problema moi grave.

Dende hai tempo aparecen árbores cortadas, plantas queimadas e ~~paxaros mortos~~ aves mortas.

Hai uns días, iamos ir ao Paraíso das Fadas, que é un sitio que ten fervenzas, rochas que son caras grandes de vellos e de rapaces,



e tamén é onde hai un miradoiro dende o que case se pode tocar a lúa. Queríamos recoller máis pegadas de patas ~~dos paxaros~~ das aves para que se saiba que hai moitas, moitas.

Foi un traballo moi grande. Arduo, diría a profesora Ágata. Tiñamos que mollar con témpera espesa cada cartolina, poñerlle unha cunca enriba con comida e, antes de que secase, tiña que vir comer ~~algún paxaro~~ algunha ave para que quedasen na cartolina as marcas das súas patas.

Logo aínda tivemos que as deixar secar de todo antes de poñer unhas enriba doutras.

Non foi nada doado.

Cando pasou iso tan horrible que lles quero contar, xa tiñamos moitas feitas. Ata sete corvos firmaran sobre as témperas amarelas! E os corvos negros son moi malos de ver porque se confunden coas sombras.

De camiño cara a alí, xusto cando estábamos a piques de chegar ao Alto da Moa, atopamos cunha morea de ~~paxaros~~ aves polo chan. Estaban ~~todos mortos~~ todas mortas!

O avó foi correndo avisar, mentres Fiz e mais eu quedamos a recoller novas pegadas. Desta volta foinos máis doado, pero tamén máis triste. Non fixo falta estar á espreita porque xa non podían asustarse. Estaban mortos mortas.

Nas cartolinas negras que están por riba van os nomes das aves mortas mais as pegadas das súas patas. Aínda que estivesen vivas, non poderían firmar doutro xeito.

Desculpen que antes se me escapase a palabra paxaros. Non son só paxaros, tamén hai parrulos, grous e moitos máis que son grandes e case non voan. O avó explicounos que, por exemplo, as galiñas non son paxaros, pero son aves. Vaia, alí non hai galiñas.



Mandámoslles as pegadas de moitas aves distintas. Se as contan ben, son máis de 10.000 firmas, seguro. Pero como non tiñamos máis ca 167 cartolinas para partir en catro partes, e algunhas estragáronse sen querer, en moitas van as pegadas de varios paxaros pequenos á vez, pero xa se nota que son pegadas diferentes. Tamén levan os nomes dos pax (ai, perdón!) das aves nun adhesivo branco.

O avó Félix ten os ollos cada vez máis pequenos, a pena encolleullos porque non é capaz de xuntar 10.000 firmas de persoas que queiran salvar Penaval. Nin sequera son tantos entre os veciños e as veciñas.

Sabemos que en Galicia hai sitios bonitos, protexidos pola lei para que ninguén lles faga dano aos animais nin ás árbores.

Por iso lles pedimos que, por favor, se xuntan a falar deste problema para protexer...

3

A carta, quizais impulsada polas ás de todas as aves atacadas, dun xeito máxico traspasou axiña as paredes do Parlamento en múltiples direccións.

Ao longo da mañá seguinte, na radio, nos xornais, nas diferentes cadeas de televisión... ata por Internet, publicaran a carta íntegra.

E, coma o aceite, estendeuse a nova da proeza que un neno e unha nena levaran a termo por salvar unha marabilla da natureza, que ata aquel momento pasara desapercibida: Penaval.

Rosa foi a primeira en espallala. En certa maneira, sentíase partícipe de tan honrosa fazaña. Ese día vendeu, fachendosa, máis xornais ca nunca.

De inmediato, a vivenda do avó Félix, converteuse nun centro de peregrinación ao que acudiron xentes de diferentes partes do país. Querían firmar

para que esa proposición de lei, seguindo as canles da legalidade, chegase á Mesa do Parlamento.



Terían que conseguir que se formase unha comisión non permanente que exercese de voz do pobo de Penaval, na que se defendesen con palabras verdadeiras, con ganas e con fundamentos, os dereitos da fauna e da flora do lugar. Quedarían roucos, se fose mester, mais falarían e falarían ata chegaren a un consenso para sacar adiante unha nova lei que protexese aquel lugar único.

4

Estaba a piques de se inaugurar o novo curso escolar cando, no Parlamento, unha nacente lei ía camiño de ser aprobada. Penaval comezaría a ser respectado coma o paraíso natural que era.

O avó Félix quixo utilizar unha gran variedade de verdes na súa paleta de cores. Puxéronse os ollos grandes só con pensar na posibilidade de que unha nova xeración fose quen de rematar co sufrimento que uns seres humanos son quen de provocar noutros seres humanos e entráronlle ganas de preparar un doce sabedeiro.

Icía mostrábase especialmente feliz. Estaba a saborear a torta de arandos ao mesmo tempo que unha aveláña contaba de présa os dedos libres da súa man esquerda antes de emprender o voo.

—Avó?

—Sábeche ben a torta, eh! Non hai máis ca mirarche a cara.

—Está moi rica, pero pensaba noutra cousa —
Icía ansiaba medrar canto antes para poder cumprir
un soño—. Sabes que vou facer cando sexa maior?

—Pois non, dimo ti —o avó preguntoulle con
sincera curiosidade.

—Parlamentaria! Dende o Parlamento fanse as
leis e contrólase o Goberno, só con palabras, avó!
Imaxinas? *Amizade, esperanza, felicidade, paz...*

—*Igualdade, harmonía, paciencia, saúde, ledicia, solidariedade, prosperidade, irmandade, tenrura, xustiza, sabedoría, saúde, vida...* —continuou o avó
Félix.

—Farei desaparecer as que se parezan a *fame, medo, guerra...*

—*Inxustiza, avaricia, miseria, corrupción, maltrato, desigualdade, abuso de poder, imposible...*

—Para, para de dicir tantas seguidas, avó, que
pareces a rapaza que andaba detrás dun can azul!

—Vaites, contigo! Non sei de que can me falas,
pero non esquezas, miña rula, vestir cada palabra

amizade igualdade

esperanza

solidariedade

liberdade

justiça

coma se fose unha fada e deixa que se eleve coma un paxaro.

—Vou estudar moito para aprender moreas de palabras e, coa forza de todas elas, vou cambiar o mundo!

—Ti soa?

—Non, avó, eu soa non podo! Voullo dicir a Xandra, que seguro que tamén quere. E a Baia, a Fiz, a Fuco, a Cristovo... A Xoel non, que é un pouco paspán!

—Si señor, o primeiro é rodearse de persoas competentes. E boas e xenerosas, por suposto. E ter claro que a palabra ha ser a raíña! Moi ben.

—Se nos vota moita xente, despois, podemos facer leis xustas para que o pobo estea contento. E cando teña unha filla, eu tamén lle vou chamar... Liberdade!

—Moi ben! A liberdade permítenos voar ata lugares aos que parece imposible chegar.

—Si, quero cambiar o mundo!

E o mundo chamouse Penaval.



igualdade

amizade

esperanza

irmandade

pa

solidariedade